

## Información académica para 3º ESO

### Organización de 4º ESO

Cursarase o 4º curso de ESO por unha das dúas opcións: a **opción de ensinanzas académicas**, preferentemente para acceder ao Bacharelato e a **opción de ensinanzas aplicadas**, preferentemente para acceder á Formación Profesional. Para cursar unha das dúas vías non serán vinculantes ás opcións cursadas en 3º ESO.

		Opción de ensinanzas académicas	Opción de ensinanzas Aplicadas
<b>Materias troncais</b>	<b>Materias troncais xerais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Xeografía e Historia</li> <li>▪ Lingua Castelá e Literatura</li> <li>▪ Lingua Galega e Literatura</li> <li>▪ Matemáticas Académicas</li> <li>▪ 1ª Lingua Estranxeira: Inglés</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Xeografía e Historia</li> <li>▪ Lingua Castelá e Literatura</li> <li>▪ Lingua Galega e Literatura</li> <li>▪ Matemáticas Aplicadas</li> <li>▪ 1ª Lingua Estranxeira: Inglés</li> </ul>
	<b>Materias troncais de opción</b>	<p><b>Elixir dúas:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Bioloxía e Xeoloxía</li> <li>○ Física e Química</li> <li>○ Economía</li> <li>○ Latín</li> </ul>	<p><b>Elixir dúas:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ CC Aplicadas á Actividade Profesional</li> <li>○ Iniciación á Activ. Emprend. e Empresarial</li> <li>○ Tecnoloxía</li> </ul>
<b>Materias específicas</b>	<b>Obrigatoria</b>	<b>1.Educación Física</b>	
	<b>Elixir (optativas)</b>	<p><b>Elixir unha:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Relixión</li> <li>○ Valores Éticos</li> </ul> <p><b>Elixir dúas:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Cultura Científica</li> <li>○ Cultura Clásica(se non foi cursada en 3º)</li> <li>○ Educación Plástica, Visual e Audiovisual</li> <li>○ Filosofía</li> <li>○ Música</li> <li>○ 2ª Lingua Estranxeira: Francés/ Inglés/ Portugués</li> <li>○ Tecnoloxías da información e a Comunicación</li> <li>○ Tecnoloxía (só para a opción de Ensinanzas Académicas)</li> </ul>	
<b>Titoría</b>		<b>1.Titoría</b>	

## **Promoción**

Os/as alumnos/as promocionarán de curso cando superen todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa nun máximo de dúas materias.

Repetirase curso cando se teña avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas se son simultaneamente Lingua Galega e Matemáticas e Lingua Castelá e Matemáticas.

Cando non se promocióne de curso, haberá que repetir. A repetición poderá aplicarse no mesmo curso unha soa vez e dúas como máximo na etapa.

Ao final de cada curso, entregaráse ás familias un consello orientador, que incluírá unha proposta do itinerario máis adecuado para o seu fillo/a, así como o grao do logro dos obxectivos da etapa e da adquisición das competencias correspondentes.

## **Título de Graduado en ESO**

Ter avaliación positiva en todas as materias ou negativa nun máximo de dúas, sempre que non sexan simultaneamente Lingua Castelá ou Lingua Galega e Matemáticas.

As opcións serán diferentes segundo os estudos que se queiran cursar no futuro, polo que cada alumno/a deberá elixir as materias e itinerarios en función dos seus intereses e das súas capacidades, sempre coa finalidade de obter o título de Graduado en Educación Secundaria, xa que este é actualmente o título mínimo esixido tanto como para continuar coas ensinanzas postobrigatorias( Bacharelato, Ciclo Formativo de Grao Medio), como para acceder ao mercado laboral cunhas competencias básicas.

### **Excepcionalidade deste curso 2019/20:**

Este curso 2019-2020 por mor da suspensión das actividades lectivas dende o 14 de marzo de 2020, e de xeito excepcional, é posible promocionar de curso con máis de 2 materias suspensas, sempre que a xunta de profesores considere que o alumno/a ten acadadas as competencias básicas e a madurez necesaria para continuar con aproveitamento no seguinte curso escolar.

**Avaliación e cualificación do alumnado:** a avaliación e cualificación adaptarase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas no 3º trimestre, sempre e cando beneficie ao alumno/a. A avaliación das actividades realizadas na fase non presencial (3º trimestre) só poderá ter valor positivo para a cualificación do alumnado.

**A promoción de curso** será a norma xeral, considerándose a repetición de curso unha medida moi excepcional, que non poderá estar baseada unicamente no número de materias suspensas, senón en función de que o alumno/a acade os obxectivos e as competencias claves da etapa. A decisión de promoción pódese adoptar tanto na avaliación ordinaria de xuño como na extraordinaria de setembro, sempre tendo en conta o que resulte máis conveniente para o alumno/a, en relación ao mellor aproveitamento do seguinte curso.

No caso de promocionar con materias suspensas haberá que recuperalas no curso seguinte, seguindo o correspondente programa de reforzo que estableza o profesor de cada materia.

### **Importancia do traballo realizado no 3º trimestre:**

O traballo feito no terceiro trimestre non será avaliado do mesmo xeito que a avaliación presencial do primeiro e segundo trimestres e servirá, exclusivamente, para recuperar as avaliacións pendentes ou mellorar a cualificación final. Isto quere dicir que servirá para mellorar a cualificación obtida na primeira e na segunda avaliación.

As materias non superadas da primeira e/ou da segunda avaliación poderán recuperarse co traballo e as probas que se poidan facer durante este terceiro trimestre.

## **A FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA (FPB)**

A FPB son ciclos formativos de formación profesional que están dirixidos ao alumnado entre de entre 15 e 17 anos, en risco de abandono escolar e que non posúe o título de Graduado en Educación Secundaria. Teñen unha duración de 2000 horas ou 2 cursos académicos.

Os requisitos de acceso a unha FPB son os seguintes:

- Facer 15 ou 16 anos no ano de inicio do ciclo formativo.
- Ter cursado o 3º curso de ESO ou, excepcionalmente, ter cursado o 2º curso.
- Ser proposto/a polo equipo docente.
- Consentimento do pai, da nai ou dos/das titores/as legais.

O alumno/a que supere os módulos asociados ás unidades de competencia profesionais obterá o título profesional básico correspondente á familia profesional cursada, con valor académico e profesional e con validez en todo o territorio español. Este título profesional básico permite o acceso á Formación profesional de Grao Medio. Ademais poderá obter o Título de Graduado en Educación Secundaria se supera os módulos formativos comúns académicos (módulo de comunicación e sociedade e módulo de ciencias aplicadas) e sempre e cando o equipo docente considere que ten as competencias básicas da ESO.

No pasado curso, o calendario de inscrición para cursar un ciclo de FPB foi do 1 ao 12 de setembro, a continuación publicouse a listaxe de admitidos e logo abriuse o período de matriculación do 13 ao 20 de setembro.

Os ciclos de FP Básica que se ofertan son os seguintes:

<b>Familia Profesional</b>	<b>Ciclo de FP Básica</b>
Administración e Xestión	Servizos Administrativos
Agraria	Agroxardinaría e composicións florais Actividades agropecuarias Aproveitamentos forestais
Artes Gráficas	Artes gráficas
Comercio e Márketing	Servizos comerciais
Electricidade e Electrónica	Electricidade e electrónica Instalacións electrotécnicas e mecánica
Edificación e Obra Civil	Reforma e mantemento de edificios
Fabricación Mecánica	Fabricación e montaxe Fabricación de elementos metálicos
Hostelería e Turismo	Cociña e restauración Aloxamento e lavandaría Actividades de panadería e pastelería
Informática e Comunicacóns	Informática e comunicacións Informática de oficina
Imaxe Persoal	Peiteado e estética
Industrias Alimentarias	Industrias alimentarias
Madeira, Mobre e Cortiza	Carpintería e moble
Marítimo-Pesqueiras	Actividades marítimo-pesqueiras
Servizos Socioculturais e á Comunidade	Actividades domésticas e limpeza de edificios
Téxtil, Confección e Pel	Arranxos e reparación de artigos téxtiles e de pel Tapazaría e cortinaxe
Transporte e Mantemento de vehículos	Mantemento de vehículos Mantemento de embarcacións deportivas e de recreo
Vidro e Cerámica	Vidraría e olaría

Nos centros desta zona as familias profesionais de FPB que se ofertan son as seguintes:

Carballo - IES Alfredo Brañas - IES Isidro Parga Pondal - IES Monte Neme	-Actividades comerciais -Administración de sistemas informáticos -Electricidade e electrónica -Fabricación e montaxe
Cee: IES Fernando Blanco	-Electricidade e electrónica -Mantemento de vehículos
Ponteceso: IES Eduardo Pondal	-Mantemento de vehículos -Servizos Administrativos
Santa Comba: IES Terra de Xallas	-Cociña e Restauración -Mantemento de vehículos
Zas: IES Maximino Romero de Lema Baio	-Informática de Oficina

## O Bacharelato

É a última etapa da Educación Secundaria, non é obrigatoria e a súa duración é de dous cursos, normalmente entre os 16 e os 18 anos.

Accedese co título de ESO ou co título de técnico (Ciclo Medio).

Ten unha duración de 2 cursos académicos.

Poderás permanecer escolarizado durante catro cursos académicos.

Dentro de cada modalidade hai varias opcións e itinerarios.

Poderás escoller entre 3 modalidades diferentes: **Ciencias, Humanidades e Ciencias Sociais e Artes.**

As ensinanzas do Bacharelato permítenche cursar estes estudos en función das túas preferencias: escoller unha modalidade entre tres previstas, unha opción dentro de cada modalidade e unhas determinadas optativas.

Estas sucesivas eleccións configuran o teu itinerario persoal. É necesario polo tanto que teñas unha idea clara do que queres para poder deseñar o itinerario máis acorde coas túas preferencias, necesidades e aptitudes.

Terás 3 tipos de materias: troncais: distínguense á súa vez dous tipos: troncais xerais e troncais de opción; específicas e de libre configuración.

Co título de Bacharelato poderás acceder ao seguintes estudos:

- Carreiras Universitarias: Títulos de Grao.
- Ciclos Formativos de Grao Superior de calquera Familia Profesional Específica.
- Estudos Superiores de Ensinanzas de Réxime Especial .
- Outros estudos:  
Piloto Civil, Estudios Militares Superiores, Forzas de Corpos de Seguridade, Centro Superior de Hostalería de Santiago.

Os diferentes estudos están vinculados a unha modalidade e a unhas materias de Bacharelato, de xeito que en función do Bacharelato escollido poderás acceder a unhas carreiras e/ou Ciclos Superiores determinados.

Antes de escoller unha modalidade de Bacharelato, e unhas determinadas materias debes saber que:

- Para acceder a un título universitario debes superar, ademais do Bacharelato, a Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU). Nos títulos con límite de prazas terase en conta a nota de acceso, que será unha ponderación entre e a nota media dos dous cursos de Bacharelato (60%) e a nota de ABAU(40%).
- Para acceder a un Ciclo Superior de FP só se necesita un título de Bacharelato vinculado á esa familia profesional. A nota de acceso será a nota media das materias cursadas no Bacharelato.

### Cualificación e Titulación no Bacharelato

Repetirán 1º curso de Bacharelato os alumnos que teñan avaliación negativa en máis de dúas materias. En todo caso deberán matricularse no 2º curso das materias pendentes de 1º.

No Bacharelato hai probas extraordinarias en setembro das materias nas que non se obtivo cualificación positiva.

Se promocionas a 2º con algunha suspenso deberás recuperala.

Se ao rematar 2º tes avaliación negativa nalgunhas materias poderás matricularte delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas ou optar por repetir o curso completo.

Para acadar o título de Bacharelato será necesaria unha cualificación final de Bacharelato igual ou superior a 5 en todas as materias.

## Materias de Bacharelato

<b>Materias 1º curso Bacharelato</b>			
<b>Ciencias</b>	<b>Humanidades e Ciencias Sociais</b>		<b>Artes</b>
<b>Troncais Xerais</b>			
Matemáticas I	<b>Itinerario Humanidades</b>	<b>Itinerario: C. Sociais</b>	Fundamentos da Arte I
	Latín I	Mat. Aplicadas a CC. SS I	
Filosofía Lingua Castelá e Literatura I		Lingua Galega e Literatura I 1ª Lingua Estranxeira I(Inglés / Francés) Educación Física	
<b>Troncais de Opción (elixir 2)</b>			
Biología e Xeoloxía Debuxo Técnico I Física e Química	Hª do Mundo Contemporáneo Literatura Universal Economía Grego I		Hª Do Mundo Contemp. Literatura Universal Cultura Audiovisual I
<b>Materias Específicas ( total 6h)</b>			
<b>Materia troncal non elixida(4h)</b>	<b>Materia específica de 3h</b>		<b>Materias de 2horas</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Biología</li> <li>○ Física e Química</li> <li>○ Debuxo Técnico I</li> <li>○ Economía</li> <li>○ Grego I</li> <li>○ Hª Mundo Contempor.</li> <li>○ Literatura Universal</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Análise Musical I</li> <li>○ Anatomía Aplicada</li> <li>○ Debuxo Artístico I</li> <li>○ Tecnoloxía Industrial I</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>○ TIC I</li> <li>○ Cultura Científica</li> <li>○ 2ª Lingua Estranxeira:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>-Inglés</li> <li>- Francés</li> <li>-Portugués</li> </ul> </li> <li>○ Libre Confi. do Centro:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>-Antropoloxía</li> <li>-Literaturas Hispánicas</li> <li>-Robótica</li> </ul> </li> </ul>
Materias de 1 hora <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Relixión</li> <li>○ Libre conf.centro:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>-Inglés Comunicativo</li> </ul> </li> </ul>			

<b>Materias de 2º Curso de Bacharelato</b>			
<b>Ciencias</b>	<b>Humanidades e Ciencias Sociais</b>		<b>Artes</b>
<b>Troncais Xerais</b>			
Matemáticas II	<b>Itinerario: Humanidades</b>	<b>Itinerario: C. Sociais</b>	Fundamentos da Arte II
	Latín II Hª da Filosofía	Mat. Aplicadas a CC. SS II Hª da Filosofía	
Historia de España Lingua Castelá e Literatura II		Lingua Galega e Literatura II 1ª Lingua Estranxeira II (Inglés ou Francés)	
<b>Troncais de Opción (Elixir 1)</b>			
Bioloxía Debuxo Técnico II Física Xeoloxía Química	Economía da Empresa Xeografía Grego II Historia da Arte		Artes Escénicas Cultura Audiovisual II Deseño
<b>Materias Específicas (total 8 h)</b>			
<b>Materia troncal non elixida(4h)</b>	<b>Materias de 3 horas</b>		<b>Materias de 2 horas</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Bioloxía</li> <li>○ Física</li> <li>○ Química</li> <li>○ Xeoloxía</li> <li>○ Debuxo Técnico II</li> <li>○ Mates Aplicadas ás CCSSII</li> <li>○ Hª da Filosofía</li> <li>○ Latín II</li> <li>○ Economía da Empresa</li> <li>○ Grego II</li> <li>○ Xeografía</li> <li>○ Hª da Arte</li> <li>○ Matemáticas II</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Análise Musical II</li> <li>○ Fundamentos da Adm. e Xestión</li> <li>○ CC Terra e Medioambiente</li> <li>○ Debuxo Artístico II</li> <li>○ Tecnoloxía Industrial II</li> <li>○ Psicoloxía</li> <li>○ 2ª Lingua Estranxeira: Francés</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Electrotecnia</li> <li>○ Métodos Estatísticos e Numéricos</li> <li>○ Xª e Hª Galicia</li> <li>○ Patrimonio Art. E Cultural Galicia</li> <li>○ Liter.Galega s.XX e da Actualidade</li> </ul>
<b>Materias de 1 hora</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Relixión</li> <li>○ Activ. Física Profesional</li> <li>○ Oral Communication</li> </ul>			



## A Formación Profesional

A Formación Profesional comprende os estudos que capacitan para exercer unha profesión concreta. Está organizada en ciclos de Grao Medio e de Grao Superior. Para acceder aos ciclos de Grao Medio é necesario o título de Graduado en ESO, ou superar unha proba (ter cumpridos 17 anos); para o acceso a ciclos de Grao Superior necesitamos o título de Bacharelato ou superar unha proba no caso de non telo (ter cumpridos os 19 anos).

A Formación Profesional estruturase en Ciclos Formativos de Grao Medio e de Grao Superior. Teñen unha duración de 2000 horas, que corresponden a dous cursos académicos.

A finalidade da Formación Profesional é a preparación do alumnado para a actividade nun campo profesional e a súa capacitación para o desenvolvemento cualificado das diferentes profesións.

Cada ciclo formativo comprende unha serie de módulos. Son as áreas ou materias de contido teórico e práctico a estudar. Cada ciclo ten os seus módulos, que están relacionados coa profesión que se estuda e tamén ten uns módulos que son comúns a todos os ciclos: FOL (Formación e Orientación laboral), RET (Relacións no contorno do traballo), FCT (Formación en Centros de Traballo).

As familias profesionais e os ciclos de Grao Medio que existen na actualidade son:

FAMILIAS PROFESIONAIS	CICLOS DE G. MEDIO
Actividades físicas e deportivas	Conducción de actividades físico-deportivas no medio natural
Administración e xestión	Xestión administrativa
Agraria	Producción agroecolóxica Producción agropecuaria Xardinaría e floraría Traballos forestais e conservación do medio natural
Artes Gráficas	Impresión en artes gráficas Preimpresión en artes gráficas
Comercio e marketing	Comercio
Edificación e obra civil	Acabados de construción Cubrición de edificios:lousas
Electricidade e electrónica	<i>Equipos electrónicos de consumo</i>

FAMILIAS PROFESIONAIS	CICLOS DE G. MEDIO
	Instalacións de telecomunicacións Instalacións eléctricas e automáticas
Fabricación mecánica	<i>Mecanizado Soldadura e caldeiraría</i>
Hostalaría e turismo	<i>Cociña e gastronomía Servizos en restauración</i>
Imaxe e son	Laboratorio de imaxe
Imaxe persoal	Estética persoal decorativa Perrucaría
Industrias alimentarias	<i>Aceites de oliva e viños Panadaría, repostaría e confeitaría Elaboración de produtos alimentarios</i>
Informática e comunicacións	<i>Sistemas microinformáticos e redes</i>
Instalación e mantemento	Instalación e mantemento electromecánico de

FAMILIAS PROFESIONALES	CICLOS DE G. MEDIO
	maquinaria e condución de liñas <i>Instalacións frigoríficas e de climatización</i> <i>Instalacións de produción de calor</i>
Madeira, moble e cortiza	Fabricación a medida e instalación de carpintería e moble <i>Carpintería e moble</i>
Marítimo pesqueira	Mergullo a media profundidade Operacións de cultivo acuícola Operación, control e mantemento de máquinas e instalacións do buque Pesca e transporte marítimo
Química	Laboratorio

FAMILIAS PROFESIONALES	CICLOS DE G. MEDIO
Sanidade	Coidados auxiliares de enfermaría Farmacia e parafarmacia Emerxencias sanitarias
Servizos socioculturais e á comunidade	Atención sociosanitaria
Téxtil, confección e pel	Confección e moda
Transporte e mantemento de vehículos	Carrozaría Electromecánica de vehículos automóbiles

#### Formas de Acceso aos Ciclos Formativos:

- **Acceso directo a Grao Medio**

-Posuí-lo Título de Graduado en ESO.

-Tense en conta a nota media de ESO, pero non se esixe ter cursadas determinadas materias como ocorre no acceso a ciclos de Grao Superior. Tampouco se ten en conta o centro do cal se proceda.

- **Acceso directo a Grao Superior**

-Posuír o título de Bacharelato.

-Posuír un título de Técnico de Grao Medio da mesma familia profesional.

- **Inscrición nos ciclos**

Para solicitar praza hai dous períodos, con estas datas aproximadas:

-Período ordinario en xuño: do 17 de xuño ao 2 de xullo, para quen cumpre os requisitos en xuño.

-Período extraordinario en setembro: do 1 ao 12 de setembro, para quen cumpre os requisitos en setembro.

Entran antes os alumnos que cumpran os requisitos en xuño que os que os cumpran en setembro. Incluso en setembro hai ciclos de formación profesional que xa esgotaron as prazas coas solicitudes de xuño e xa no ofertan prazas en setembro.

- **Acceso Mediante Proba a ciclos de Grao Medio**

Poderán concorrer á proba de acceso aquelas persoas que teñan cumpridos **17** anos ou os cumpran no ano en que se realizan as probas.

Para estes alumnos resérvase o **10%** das prazas do ciclo e tense en conta a nota media acadada na proba.

Para presentarse á proba hai que facer unha inscrición, no mes de febreiro ou marzo, presentando a documentación nun centro que imparta Formación Profesional. Normalmente a proba celébrase no mes de maio, de tal xeito que se superas a proba poderás facer a solicitude de praza en ciclos no prazo ordinario (finais de xuño), e terás preferencia sobre os que presentan a solicitude de admisión en setembro.

Contidos da Proba. Esta **proba constará de tres partes**, e será a mesma independentemente do ciclo ao que desexes acceder. :

1. Parte de contidos **sociocultural**: Lingua Castelá, Lingua Galega e Ciencias Sociais.
2. Parte de contidos de carácter **científico-tecnolóxico**: Tecnoloxía e Ciencias Naturais.
3. Parte **matemática**: Matemáticas.

Para ver exemplos de probas podes consultar en [www.edu.xunta.es/fp](http://www.edu.xunta.es/fp)

- **Acceso Mediante Proba a ciclos de Grao Superior**

Poderán concorrer á proba de acceso aquelas persoas que teñan cumpridos **19** anos ou os cumpran no ano en que se realizan as probas.

Para estes alumnos resérvase o **10%** das prazas do ciclo e tense en conta a nota media acadada na proba.

Para presentarse á proba hai que facer unha inscrición, no mes de febreiro, presentando a documentación nun centro que imparta Formación Profesional. Normalmente a proba celébrase no mes de abril, de tal xeito que se superas a proba poderás facer a solicitude de praza en ciclos no prazo ordinario (finais de xuño), e terás preferencia sobre os que presentan a solicitude de admisión en setembro.

Consta de 2 partes:

-Parte común, con tres exames de materias de 2º de Bacharelato: Lingua Galega, Lingua Castelá e Matemáticas.

-Parte específica, que se organiza en tres opcións A, B e C, segundo o ciclo ao que se queira acceder. Dentro de cada opción hai que escoller 2 materias.

- ✓ Opción A: Economía da Empresa, Lingua Estranxeira e Filosofía.
- ✓ Opción B: Debuxo Técnico, Tecnoloxía Industrial e Física.
- ✓ Opción C: Ciencia da Terra e Ambientais, Química e Bioloxía.

Materias obrigatorias	Materias Troncais de Opción	
<input checked="" type="checkbox"/> Xeografía e Historia. <input checked="" type="checkbox"/> Educación física <input checked="" type="checkbox"/> Lingua castelá e literatura <input checked="" type="checkbox"/> Lingua galega e literatura <input checked="" type="checkbox"/> <b>1º Lingua Estranxeira*</b> (escoller unha) <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Francés <b>Escoller unha</b> <input type="checkbox"/> Valores Éticos <input type="checkbox"/> Relixión	<input type="checkbox"/> Opción Ensinanzas Académicas	<input type="checkbox"/> Opción Ensinanzas Aplicadas
	<input checked="" type="checkbox"/> Matemáticas Académicas (Orientada para Bacharelato pero tamén pode facer Ciclos de FP)  (Escoller unha opción)  <input type="checkbox"/> Física e química + Bioloxía <input type="checkbox"/> Física e química +Economía <input type="checkbox"/> Latín + Economía	<input checked="" type="checkbox"/> Matemáticas Aplicadas (Orientada para Ciclos de FP, pero tamén pode facer Bacharelato)  (Escoller 2)  <input type="checkbox"/> Tecnoloxía <input type="checkbox"/> Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional <input type="checkbox"/> Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial
	<b>Materias específicas</b> (escoller 2)	
	Numerar do 1 ao 9* <input type="checkbox"/> Cultura Científica <input type="checkbox"/> Cultura Clásica <input type="checkbox"/> Educación Plástica, Visual e Audiovisual <input type="checkbox"/> Música <input type="checkbox"/> Filosofía <input type="checkbox"/> Segunda Lingua Estranxeira*** <input type="checkbox"/> Francés <input type="checkbox"/> Portugués <input type="checkbox"/> Tecnoloxías da Información e da Comunicación <input type="checkbox"/> Tecnoloxía**	

\* numere por orde preferencia en base a configuración elixida

\*\*Só se poderá escoller a materia se cursa a opción de Ensinanzas Académicas

Poderase cambiar de 2º Lingua estranxeira facendo unha proba de nivel ao inicio do curso

É posible que algunha das materias non se imparta, por non acadar o número mínimo de alumnado, ou debido a dispoñibilidade do profesorado.



**A Gándara 25**

**Tlf: 881 866519**

**Email: [ies.terradesoneira@edu.xunta.es](mailto:ies.terradesoneira@edu.xunta.es)**



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA